

# O II Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa centrará os debates na normalización lingüística

No próximo mes de Setembro celebrarase en Ourense o II Congresso Internacional Galego-Portugués na Galiza, que organiza a AGAL e que presenta un extenso programa, estruturado nos apartados de "Língua e Sociedade", "Língua e Teoría Lingüística" e "Língua e Texto Literário". O Congreso abrirase publicamente en Compostela.

Desde o 23 até o 27 de Setembro vai ter lugar a segunda edición do que xa se consolida como o máis importante evento de debate lingüístico no noso país, especialmente pola longa lista de convidados e de comunicacións e ponencias presentadas, que chegan a un total de 90.

O programa, a falta de precisar algúns títulos, xa está completado e aporta a novidade, no conxunto temático, de que o debate normativizador pasa a un plano secundario, segundo M<sup>a</sup> do Carmo Henriques Salido —presidenta da AGAL— porque "xa está definida esa cuestión. Está feita a crítica da normativa oficial e no reintegracionismo hai as posturas xa coñecidas. O problema do galego é a normalización do idioma, como está ou non. A normativa non nos preocupa porque xa está explicitada e discutida dese aquel primeiro congreso".

## Tres áreas

"Língua e Sociedade", "Língua e Teoría Lingüística" e "Língua e Texto literário" son os tres grandes apartados en que se clasifican as ponencias presentadas. O primeiro deles aborda o que quer ser o eixo das discusións e conclusións do Congreso, "apresentar textos que analisen a situación actual de actitudes e usos, orais e escritos, nos ámbitos: oficial (administración autonómica, ensino, tribunais...), públicos (partidos políticos, sindicatos, asociacións culturais, medios de comunicación...) e privados.

O segundo apartado entregarase ao estudo referido á teoría e práctica da elaboración do léxico e terminoloxías específicas, as cuestións de elaboración gramatical, filolóxica, dialectolóxica, grafe-mática, fonolóxica, etc... E por último o apartado de "Língua e Texto Literário" estará perfilando



Oscar López, un dos presidentes de honor do Congreso

os temas referidos á teoría e práctica da lingua literaria nunha perspectiva histórica ou actual, aos problemas xerais ou pontuais que levanta a elaboración da lingua literaria do galego e á análise comparativa con situacións semellantes noutras áreas lingüísticas que presenten unha situación semellante ao galego, ou con literaturas da nosa área cultural.

## Unha participación prestixiosa

A AGAL ten prevista a constitución de tres presidencias. Pola Galiza estarán á fronte Carvalho Calero, Marinho del Valhe e Er-

nesto Guerra da Cal; por Portugal Oscar Lopes, Rodrigues Lapa e Fernando Cristóvão e polo Brasil Celso Cunha, Chaves de Melo, Sílvia Elia e Azevedo Filho.

Esta presidencia completárase cunha importante representación de persoas de todos os países do comun área lingüística, unha participación que M<sup>a</sup> do Carmo Henriques considera "moito máis ampla que na anterior edición en convidados e en presenza da sociedade galega". Entre os convidados que xa confirmaron a súa presenza José Saramago, Luciana Stegano (Univ. Roma), Fátima Mendonça (Moçambique), Eugénio Coseriu, Vicent Pitarch, Txillardegi, Denis Conles (Arxentina)... e varios representantes do Consello de Europa, entre eles o belga Yvo Jd Peeters que desenvolverá o tema "The Dutch Language union. An example for the galego-portuguese language".

Polo noso país a participación é moito máis extensa que na anterior ocasión.

## Falta de financiación

A esta altura só a Universidade de Santiago ten aportado 100.000 pesetas para axudar á celebración do congreso que ten un orzamento calculado entre os 2,5 e os 3,5 millóns de pesetas que se tentarán subsidiar coa axuda de diferentes entidades financeiras e institucionais, aínda que a vontade de AGAL, ante a posíbel inibición das mesmas, é ir adiante coas cuotas e as aportacións dos seus socios e os simpatizantes do reintegracionismo.

O congreso anuncia que a súa abertura oficial terá lugar en Santiago, "pola significación como centro da Universidade da Galiza" e seguirá as súas sesións ordinarias en Ourense con posíbeis deslacements, en caso dalgun acordo, con probábeis entidades financiadoras.

A inscrición e tamén a aportación de traballos para o congreso segue aberta, na secretaria deste II Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (apartado 453 de Ourense). □